



## 1. COMPROMISO PARTICIPACIÓN “CLUB DE CIENCIAS” 2017-2018

Estimada Familia o seu fillo/a foi elixido/a para formar parte do club de ciencias do centro, dos só 20 centros educativos autorizados e recoñecidos pola Consellería de Educación en toda Galicia (17 IES e 3 CEIPS).

O Club empezará este **Venres 1 de Decembro ás 16h** a cargo dun profesional/dinamizador do sector da ciencia educativa. Toda a información do club estará a súa disposición en <http://clubciencia.ceipdelaredo.com> e nas redes #clubciencialaredo.

As **dinámicas das sesións de 60 minutos** serán as seguintes:

- Información da actividade a realizar na aula.
- Desenvolvemento dun proxecto/experimento/dinámica científica na aula.
  - o Continuidade e finalización do proxecto na casa/familia (en caso de non rematar)
  - o Realización de tarefa extraescolar na casa/familia.
- Rexistro da sesión e avaliación por parte do alumnado na casa/familia (informarase o procedemento).
- Quincenalmente o profesor responsable do club pasará informes do grao de aproveitamento do alumno/a á dirección/titores do centro.

Os contidos do club versarán sobre os seguintes eidos STEM, segundo contidos de traballo propostos polas titoras/dirección, a título orientativo:

- Experimentos **científicos** con fluídos, obxectos, materias, estáticas...
- Uso das **TIC** e fundamentos, impresión 3d, robótica, montaxe e desmontaxe de obxectos...
- Pequenas **construcións** de obxectos, ensamblaxes con materias de refugallo/lowcost.
- Proxectos e **dinámicas matemáticas**, rexistros medicións, temperaturas debuxo técnico básico e dixital...

A **singularidade desta oportunidade** implica que as familias e o alumno/a comprométanse a:

- Ter un **comportamento** axeitado
- **Realizar as actividades** propostas no clube.
- **Realizar** as actividades e **traballos extraescolares** (actividades semanais a realizar na casa/familia)
- **Colaborar con levar materiais/obxectos refugallo/lowcost de maneira puntual** para a realización de determinadas actividades.
- Levar un **registro puntual** das sesións a modo de **portfolio personal dixital** (cada alumno deberá facer autoavaliacións/valoracións de cada sesión a través do seu correo electrónico/formulario)
- **Usar de maneira axeitada** o equipamento a utilizar (Impresora 3d, tabletas, portátiles, robots...)
- **Asistir de maneira obrigatoria e puntual** (salvo casos puntuais debidamente xustificados)

**Prégase ler estas normas na familia co alumno/a e firmar o compromiso en caso de aceptación e entregar esta folla sen recortar antes do 29 de Novembro a Titora, en caso contrario entenderemos desistida a súa participación e trasladarase a súa plaza a lista de espera.**

Eu Don/Dona \_\_\_\_\_ pai/nai/titor legal de \_\_\_\_\_

**comprométome cumprir as normas indicadas na participación.**

En Chapela \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo. Pai/Nai: Don/Dona \_\_\_\_\_ Asdo Alumno/a: \_\_\_\_\_

VºBº Selo e Firma Dirección do centro

Dirección General de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 - Santiago de Compostela

